

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN CASA DA MULLER PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO "ALDEA MULLER" NO EXERCICIO 2024.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Dona Uxía Varela Bermúdez, con DNI 54128971N, presidenta da Asociación Casa da Muller, que actúa en nome e representación da entidade co NIF G70581517, de acordo co nomeamento outorgado o 1 de febreiro de 2019, por acordo da Asemblea Xeral, segundo o disposto no artigo 16 dos seus estatutos, como así consta no Rexistro Provincial de Asociacións.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de asistencia social conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, e ten entre as súas funcións e competencias as relativas á atención das persoas maiores, e no marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao



fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

IV. Que a Asociación Casa da Muller, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións, co número 2019/23323-1, tendo por finalidade, entre outras, a posta en valor das mulleres e a promoción das relacións interxeracionais.

A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-7016.

V. Que ambas partes son conscientes do fenómeno do envellecemento e despoboamento que se está producindo no rural galego e máis concretamente na Comarca de Bergantiños. Neste marco, no que a poboación de maiores aumenta, e dentro deste grupo de poboación as mulleres en número máis significativo, elévase o risco de illamento dos maiores que pasan unha gran parte do tempo en soidade nos seus fogares. Neste contexto é de vital importancia dotar de instrumentos para a participación social e o empoderamento das persoas maiores no rural e máis concretamente das mulleres maiores. Ditos recursos non serven só para a mellora da calidade de vida nun rango de idade, senón tamén, para fomentar as relacións interxeracionais, por iso é preciso desenvolver programas que promovan o envellecemento activo e fomenten a integración e participación na sociedade das persoas maiores, a través de medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento deste tipo de proxectos por parte do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención a estas persoas, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

A Asociación Casa da Muller leva a cabo o proxecto "Aldea Muller" co que se pretende, por un lado, manter o impulso a unha serie de actividades culturais e educativas co obxecto de promover a participación activa da poboación maior na vida social e cultural, e por outro crear un espazo de encontro para a veciñanza, dirixido ás persoas maiores que viven soas, especialmente ás mulleres maiores. Así, no proxecto denominado "Aldea Muller", as persoas asistentes non reciben unha formación formal, non se pretende que o proxecto teña a filosofía de Universidade que ensine contidos teóricos propiamente ditos, senón que se pretende que teñan acceso a unha serie de contidos que no seu momento lles foron restrinxidos e, ao mesmo tempo, se decaten do valor que elas teñen no mundo rural. Preténdese dar unha oportunidade de formación ás persoas que, tendo pouca formación regrada, foron e son capaces de transmitir cultura.

O proxecto "Aldea Muller", dentro dos programas de autonomía persoal, busca a participación claramente activa das persoas maiores que viven soas e especialmente das mulleres maiores, en coñecementos de nutrición, deporte e vida saudable, completándoo con ximnasia de mantemento, pilates e saídas culturais e ambientais a distintos puntos de interese, e compartindo con profesionais segredos da súa cociña; revalorizando oficios tradicionais como a cestería como un medio para o deseño e a innovación e participando en programas de achegamento ás TICs. As persoas maiores do rural desta comarca que queiran manterse activos no desenvolvemento das actividades da vida diaria e preservar a



súa saúde poderán relacionarse e participar en dinámicas que melloran a súa autoestima e a súa autonomía persoal.

Con este proxecto preténdese manter o impulso e consolidar unha serie de actividades culturais e educativas que teñan continuidade ao longo do tempo, todas elas cos seguintes obxectivos:

- Promover a participación activa da poboación de máis de 50 anos na vida social e cultural da aldea.
- Aproveitar os recursos locais para impulsar accións culturais e educativas, que son escasas nas zonas rurais.
- Crear un espazo de encontro para a veciñanza, en especial dirixido ás persoas maiores que viven soas.
- Aproveitar a potencialidade das persoas da Comarca que están capacitadas para transmitir os seus coñecementos en determinadas materias.

VI. En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a especificidade do proxecto ven dada pola ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles que poidan atender as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, sendo esta Asociación a única que pode desenvolver este proxecto. Así pois, as expostas considéranse razóns suficientes que acreditan o seu interese social.

O proxecto "Aldea Muller" o dentro dos programas de autonomía persoal é unha gran oportunidade para achegar a poboación rural, e sobre todo as persoas maiores, á vida social e cultural.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo o proxecto "Aldea Muller".

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte de Consellería de Política Social e Igualdade dos gastos derivados da execución dun proxecto da Asociación Casa da Muller, na aldea do Couto, en Ponteceso, no exercicio 2024, denominado "Aldea



Muller", a través da concesión directa dunha subvención .

As actuacións do programa de actividades do proxecto "Aldea Muller" veñen desglosadas na cláusula segunda. Ditas actuacións recollen propostas relacionadas coa tecnoloxía móbil e internet, actividade física, teatro e un espazo para debate e música tradicional.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

As actuacións subvencionables que forman parte do proxecto "Aldea Muller" durante o período de vixencia son:

a) Obradoiros de Informática; Música tradicional; Cociña; Cancioneiro; Teatro; Cestería; Aulas científicas; Pirogravado; Mindfulness; Costura; Conciliación; Calceta. Nestas actividades a poboación maior logra obter coñecementos nestas materias co obxecto de promover a participación activa na vida social e cultural.

Estes obradoiros lévanse a cabo na sede da Fundación Eduardo Pondal sita na aldea do Couto en Ponteceso, na que conta con varias salas multiusos, sala de ordenadores e co servizo de bibliobar, no que os veciños poden ademais de tomar un café, facer uso do préstamo de libros, música e DVD.

b) Saídas culturais a Pontevedra, Ribeira Sacra, Mondoñedo e O Courel e así ampliar coñecementos con estas actividades culturais e educativas.

c) Conferencias sobre hábitos saudables e envellecemento activo, cunha participación claramente activa da das persoas maiores, especialmente das muller maiores, en materia de nutrición, deporte e vida saudable, completándoo con ximnasia de mantemento e pilates, entre outros, para beneficiarse dun envellecemento saudable.

Todas estas actividades lévanse a cabo na aldea do Couto en Ponteceso, tanto na sede da Fundación Eduardo Pondal como na Casa dos Veciños.

As persoas participantes, aínda que algunhas actividades están abertas a veciños e veciñas de todas as idades, son as persoas beneficiarias do proxecto "Aldea Muller", arredor de 150 persoas maiores de 50 anos, especialmente mulleres, que non estean en activo no eido laboral e co seguinte calendario:

- Obradoiros:

Luns: Música tradicional de 12 a 14 horas.

Martes: Calceta de 16:30 a 18:30 horas.

Mércores: Informática, cancionero e costura de 16:30 a 18:30 horas.

Xoves: Mindfulness de 16:30 a 18:00 e cociña de 18:00 a 19:00 horas.

Venres: Teatro, cestería e pirogravado de 16:30 a 18:30 horas.

Sábados: Conciliación e aulas científicas de 10:00 a 14:00 horas.

- Saídas culturais:



San Andrés de Teixido, 11 de maio.

Roteiro Semente Festiletras, 16 de maio.

Gres (Vila de Cruces), 28 de setembro.

- Conferencias:

Nutrición: de xaneiro a marzo de 2024

Violencia de xénero: 14 de xuño

Consumo, 9 de outubro (repítense cada quince días)

Saúde, 10 de outubro

TERCEIRA. Orzamento

O total da previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións descritas, ascende á cantidade de 20.000€.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **vinde mil euros** (20.000,00 €) que serán imputados á aplicación orzamentaria 38.05.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

CUARTA. Obrigas da entidade e documentación inicial

1. A Asociación Casa da Muller deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

a) Realizar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no disposto neste convenio.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades que forman parte do proxecto subvencionado. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial



aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no marco deste convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do proxecto a subvencionar a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade" co seu respectivo logotipo.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Asemade, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

3. En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA. *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio non é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

SEXTA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a Asociación Casa da Muller nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 73% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 27% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades a subvencionar a través do convenio e achegando a documentación indicada na cláusula oitava (conta xustificativa).

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso, segundo o exige o artigo 60.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

SÉTIMA. Gastos subvencionables e xustificación

1. En consideración ao obxecto do proxecto a subvencionar a través deste convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución das actuacións recollidas na cláusula segunda, así como o gasto corrente directamente relacionado coas ditas actuacións, de conformidade co recollido na memoria económica.

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2024**.

2. Considerarase efectivamente realizado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao obxecto da subvención, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: Relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

3. A Asociación Casa da Muller remitiralle á Consellería de Política Social e Igualdade a seguinte documentación, unha vez finalizadas as actuacións a subvencionar a través deste



convenio, xunto coa xustificación do emprego da cantidade total das ditas actuacións e en todo caso con data límite do **10 de decembro de 2024**:

a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro deste convenio.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. As facturas terán que facer referencia á imputación dos gastos a subvencionar a través deste convenio.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no 1º parágrafo.

4º. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actuacións que conforman o proxecto subvencionado a través deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5º. Se fora o caso, os 3 orzamentos solicitados pola entidade beneficiaria, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 euros, de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6º. Se fora o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

c) Declaración complementaria e actualizada comprensiva de todas as axudas e subvencións concedidas para o mesmo proxecto, indicando que non hai ningunha pendente de resolución, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais de 2024 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, no que se reflecta o importe da retención ou cotización devindicada na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2025.



OITAVA. Incumprimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do proxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actividades que conforman o proxecto a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

NÓVENA. Inexistencia de relación laboral

A Asociación Casa da Muller queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades do proxecto a subvencionar relacionadas na cláusula segunda deste convenio.

A subscrición do presente convenio non leva consigo ningunha relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións que forman parte do referido proxecto, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos caecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMA. Comisión de seguimento e control

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes que o asinan. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e



Igualdade e dúas representantes da Asociación Casa da Muller, designadas pola persoa representante de cada unha das partes, así como as seus suplentes.

A dita comisión será presidida por unha das persoas representantes da administración, designada pola persoa titular do órgano de dirección con competencias en materia de promoción da autonomía persoal de persoas maiores.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplente será unha persoa adscrita ao órgano de dirección con competencias en materia de promoción da autonomía persoal e designada pola persoa que ocupe a presidencia.

Como órgano colexiado, a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, os gastos das accións englobadas no presente convenio que realizase a Asociación Casa da Muller dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro, coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO SEGUNDA. *Obrigas da publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste, e de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de



estos datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa dunha subvención a través deste convenio, que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO CUARTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas; na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento



xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida a través deste convenio, serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, así como aquelas cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución do mesmo, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa. Se o acto non fora expreso, poderase interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de seis meses, contados, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data da súa sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e Igualdade

Pola Asociación Casa da Muller

A conselleira

A presidenta

Fabiola García Martínez

Uxía Varela Bermúdez

